

MANUAL PARA A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC

Código: AvProf

Edición: 16

Data: 28/04/2026



Índice

1. Marco de referencia.....	5
2. Política institucional e avaliación do profesorado	6
2.1. Documentación de referencia.....	6
2.2. Obxectivos xerais do programa	7
2.3. O modelo de excelencia docente na UDC.....	8
2.4. Consecuencias da avaliación docente	10
3. Ámbito de aplicación	11
4. Dimensións e criterios do modelo de avaliación.....	12
4.1. Dimensións da avaliación docente	12
4.2. Criterios de avaliación	14
4.3. Causas de exclusión	15
5. Procedemento xeral e axentes implicados	16
5.1. Procedemento xeral e a súa difusión	16
5.2. Axentes implicados no proceso.....	18
6. Resultados das avaliacións	24
6.1. Procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente .	24
6.2. Procedemento para o seguimento das accións derivadas da avaliación docente.....	24
6.3. Procedemento para a difusión dos resultados da avaliación docente	25
6.4. Control da información confidencial.....	25
7. Formatos e rexistros.....	27
ANEXO I. Valoración cualitativa e cuantitativa das dimensións, subdimensións e elementos	31
ANEXO II. Solicitud do/a profesor/a	44
ANEXO III. Autoinforme do/a profesor/a.....	47
ANEXO IV. Informe das autoridades académicas	53
ANEXO V. Cuestionario de avaliación da docencia polo alumnado (DA).....	58
ANEXO VI. Informe do CAD sobre a valoración da actividade docente do profesorado da UDC.....	62



ANEXO VII. Resolución da CIU sobre a actividade docente do profesorado da UDC	66
ANEXO VIII. Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU	69



Edición	Data	Motivo da modificación
01	30/11/2007	Revisión final enviada á ACSUG para a súa verificación
02	23/07/2008	Incorporación de alegacións dos CAD aprobadas no Consello de Goberno da UDC do 23/07/2008
03	26/11/2009	Modificacións dos formatos de acordo coas propostas de mellora presentadas polas persoas solicitantes e os/as membros dos CAD tras rematar a I Convocatoria do Programa Docentia
04	21/12/2010	Revisión completa do texto e modificación da estrutura do documento
05	26/06/2013	Revisión e actualización do <i>Manual do Programa Docentia</i>
06	23/03/2015	Revisión e modificación do Manual para recoller as recomendacións do Informe de avaliación do seguimento e dos axentes implicados no proceso
07	31/05/2017	Revisión e adaptación ao novo documento do Programa Docentia e modificacións para recoller as recomendacións do Informe de avaliación do seguimento e as dos axentes implicados no proceso
08	26/04/2018	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso
09	03/04/2019	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso
10	06/05/2020	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso
11	28/04/2021	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións do Informe de avaliación do seguimento e dos axentes implicados no proceso
12	28/04/2022	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso
13	27/04/2023	Revisión e modificación do manual para incorporar melloras propostas pola Comisión de Avaliación
14	30/04/2024	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso
15	06/05/2025	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso
16	28/04/2026	Revisión e modificación do manual para recoller as recomendacións dos axentes implicados no proceso
Elaborado por: Unidade Técnica de Calidade 20/04/2026		Revisado por: Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización 22/04/2026
		Aprobado por: Consello de Goberno 28/04/2026



1. Marco de referencia

O *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC* responde aos requirimentos sobre a obrigatoriedade dunha avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario que aparecen recollidos na Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

O desenvolvemento do espazo europeo de educación superior (EEES) ten como un dos seus eixes a promoción da calidade nas universidades. Concretamente, o documento de «Criterios e directrices para a garantía da calidade no espazo europeo de educación superior», promovido pola European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA), que fora aprobado polos ministerios dos estados signatarios do proceso de Boloña na súa xuntanza de Bergen en 2005 e revisado pola conferencia de ministros celebrada en Ereván en 2015 e que pasou a se denominar «Criterios e directrices para o aseguramento de calidade no espazo europeo de educación superior», recomenda asegurar a calidade do persoal docente como un dos estándares e pautas de actuación para a garantía interna da calidade.

Entre estes criterios destaca o 1.5. Persoal Docente, que establece que as institucións deben asegurar a competencia do seu persoal docente así como aplicar procesos xustos e transparentes para a súa contratación e desenvolvemento profesional. Polo que é fundamental garantir que o profesorado posúa as seguintes destrezas:

- **Coñecemento e comprensión** completos da materia que ensinan.
- Coñecemento de **métodos de aprendizaxe e de avaliación**.
- **Habilidades e experiencia** para transmitir o coñecemento.
- **Capacidade para atender á diversidade** de estudantes que permita vías de aprendizaxe flexibles, usando de maneira flexible métodos de aprendizaxe variados etc.
- **Retroalimentación** da súa actuación.

Tal como se establece no documento Guía do Modelo AUDIT publicado polas axencias de calidade no ano 2015 e modificado pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) nos anos 2021 e 2024, o Sistema de garantía de calidade (SGC) das universidades esixe que as persoas responsables académicas dun plan de estudos tomen en consideración o acceso e a orientación do estudantado, os obxectivos, a estrutura, o desenvolvemento do plan de estudos, a calidade dos recursos humanos e materiais, así como os resultados obtidos. En consecuencia, os resultados da avaliación da actividade docente analízanse no SGC dos centros da Universidade da Coruña (UDC).

Por isto, a ANECA en colaboración coas diferentes axencias de calidade das comunidades autónomas, entre as que se encontra a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), desenvolven o Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado das universidades (Docentia), co fin de



que as institucións de educación superior dispoñan dun modelo que lles permita elaborar un procedemento propio dedicado á avaliación docente do profesorado que garanta a súa calidade e favoreza o seu desenvolvemento e recoñecemento. O dito programa recolle un conxunto de actuacións destinadas a construíren un escenario que favoreza os principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade entre universidades europeas.

A UDC consciente da importancia que ten a actividade docente do profesorado, na convocatoria do ano 2007 presentou o *Manual do Programa Docentia* que fora aprobado polo Consello de Goberno do 18/12/2007 e do 23/07/2008, logo de que a Comisión de Avaliación da ACSUG lle outorgase un informe positivo que permitía comezar coa fase de implantación deste.

Como consecuencia, desde o curso académico 2008/09 ata o 2024/25, a UDC publicou catorce convocatorias do Programa Docentia. Entre a I e V convocatoria, unha vez finalizada cada unha destas, a UDC elaborou o informe final que lle remitiu á ACSUG para ser avaliado pola Comisión de Seguimento. O informe das convocatorias VI, VII e VIII remitiuse á ACSUG no primeiro semestre de 2020 e o correspondente á IX convocatoria o 15/10/2021. O informe provisional da Comisión de Avaliación recibíuse o 20/01/2022. Neste destácase a ampla traxectoria que ten a UDC na avaliación da actividade docente do profesorado e os mecanismos adecuados con que conta para a mellora continua do procedemento, o que acredita que dispón dun modelo ben implantado.

Con todo, a publicación da nova versión do Programa Docentia (ANECA, 2021), en que se establecen unhas condicións mínimas para a certificación do modelo, obriga a UDC a incorporar unha serie de melloras no seu procedemento. O 20/01/2023, a UDC remítelle á ACSUG unha serie de alegacións ao informe provisional da IX convocatoria xunto cun plan de melloras, cuxa execución está prevista para un prazo de 2 anos, co fin de acadar a certificación.

O 14/04/2023 recíbese o informe final de seguimento da IX convocatoria de implantación do Programa Docentia, onde se indica que a Comisión de Avaliación da ACSUG considera que, á vista dos compromisos institucionais adquiridos, a UDC cumpre as condicións necesarias para solicitar a certificación do modelo.

2. Política institucional e avaliación do profesorado

2.1. Documentación de referencia

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU).
- Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade
- Estatutos da UDC
- Programa de Apoio para a avaliación da calidade da actividade docente do profesorado universitario, modificado pola ANECA no 2025
- Criterios e directrices para o aseguramento da calidade no EEES (ENQA-ANECA)
- Plan estratéxico UDC 2022-2026
- Plan de formación do profesorado da UDC
- Política de profesorado da UDC

2.2. Obxectivos xerais do programa

O Programa Docentia ten como obxectivo principal contribuír a mellorar a calidade da docencia e, en consecuencia, os resultados de aprendizaxe do estudiantado. En concreto:

- a) Recoñecer a importancia da actividade docente do profesorado dentro do conxunto de actividades que este realiza na UDC.
- b) Situar a avaliación da actividade docente do profesorado no marco das prácticas ao uso internacionalmente recoñecidas, en liña cos criterios de garantía da calidade das titulacións universitarias.
- c) Favorecer o desenvolvemento do profesorado e a súa promoción persoal e profesional, de modo que poida ofrecer un mellor servizo ao estudiantado e, por tanto, á sociedade.
- d) Apoiar individualmente o profesorado proporcionándolle evidencias contrastadas sobre a súa actividade docente e posibles vías de mellora desta.
- e) Favorecer o proceso de toma de decisións relacionadas coa avaliación, que afectan a diferentes elementos da política de profesorado, como a posta en marcha de plans de formación.
- f) Contribuír ao necesario cambio cultural nas universidades respecto á avaliación da actividade docente, así como potenciar o intercambio de experiencias entre as universidades para a mellora continua desta actividade.
- g) Favorecer a cultura da calidade ligando a actividade docente do profesorado cos obxectivos da institución.
- h) Cumprir cun dos criterios para a acreditación de titulacións que se recollen no deseño dos sistemas de garantía interna da calidade dos centros.
- i) Outros que nun futuro puideren ser de interese para a UDC.



2.3. O modelo de excelencia docente na UDC

Estes obxectivos xerais do programa lévannos a reflexionar sobre cales han de ser os criterios para establecer un modelo de avaliación que poida avalar a calidade e a excelencia docente. Na actualidade o labor dos/das docentes fíxose moito máis complexo debido aos distintos roles que deben desempeñar e ás tarefas, máis orientadas a favorecer a aprendizaxe autónoma do estudiantado. Iso supón novas competencias e un cambio importante na actividade docente.

Este cambio require unha capacitación explícita do profesorado e a asunción dun enfoque que leva consigo un comportamento docente máis rico e complexo. Non cabe dúbida de que non é o mesmo explicar ben unha lección ou un tema e facelo accesible para o estudiantado que planificar unha estratexia para que o alumnado aprenda por si mesmo, orientar a súa aprendizaxe, ofrecerlle apoio e retroalimentación do seu propio proceso e avaliar as competencias que adquire ou desenvolve, entre outras tarefas.

O concepto de excelencia docente é complexo e non resulta sinxelo de definir, pois as perspectivas desde as que se pode observar o labor docente son variadas e as circunstancias do profesorado son diferentes en función da súa experiencia, a/s titulación/s ou o/s centro/s en que imparte a súa docencia, de modo que a maneira de alcanzar a excelencia se debe establecer a través do seguimento de distintos camiños que conduzan a un mesmo fin: un conxunto de prácticas sobresalientes na xestión da docencia e a consecución de bos resultados.

A UDC, despois de once convocatorias do Programa Docencia e tras a análise dos resultados obtidos, conta coa experiencia necesaria para poder establecer un modelo de excelencia docente que se deberá ir actualizando a medida que a actividade docente vaia necesitando dar resposta ás novas demandas do futuro. Resulta indispensable dispor dun sistema válido e fiable de avaliar a calidade da docencia, para así poder, posteriormente, recoñecer e incentivar a docencia excelente.

Co obxectivo de perfeccionar o noso sistema de avaliación, na décimo primeira convocatoria introduciuse como instrumento ao servizo deste programa o emprego dunha escala de valoración ou rúbrica, que se incluíu na Guía para os Comités de Avaliación Docente (CAD). A dita rúbrica modificouse na décimo terceira convocatoria. Deste xeito, concrétese e perfecciónase o procedemento que deben seguir os membros dos CAD á hora de emitir as súas valoracións para lle outorgar unha maior consistencia e validez ás avaliacións realizadas.

No apartado 4.2, explícase a valoración das dimensións e indícase que o profesorado excelente na UDC é aquel que en cada unha desas dimensións obtén unha puntuación superior igual ou superior ao 85 %. Este persoal docente é o que obtén un certificado de excelencia por parte da UDC.



Con todo, tamén se poderá obter a valoración de Desempeño excelente se nunha das dimensións se obtén un resultado de Desempeño notable e nas outras dúas se consegue un resultado de Desempeño excelente. A excelencia docente na UDC está orientada a varias liñas de actuación correspondentes a distintos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico UDC 2022-2026:

- Área de Docencia e Aprendizaxe. Obxectivos estratéxicos 2 e 3: impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe; e construír unha oferta formativa innovadora que responda ás demandas e aos retos sociais da nosa contorna.
- Área de Internacionalización. Obxectivos estratéxicos 1 e 2: potenciar un ambiente universitario internacional; e conseguir unha mobilidade internacional crecente de toda a comunidade.
- Área de Responsabilidade Social e Sustentabilidade. Obxectivos estratéxicos 1 e 5: unha universidade con identidade propia que impulsa o cambio social, a cultura e a lingua galega así como a contribución á paz e á solidariedade entre os pobos para unha cidadanía global; e incentivar e fomentar unha cultura de non discriminación.

A continuación descríbese, en cada unha das tres dimensións obxecto da avaliación docente definidas no apartado 4.1, o perfil do/a profesor/a excelente da UDC.

Dimensión Planificación da docencia

Ten experiencia na impartición de distintas materias de grao e/ou mestrado dirixidas a alumnado pertencente a cursos diferentes, así como experiencia na dirección de traballos fin de grao e/ou mestrado ou proxectos de fin de carreira, e/ou nos tribunais correspondentes.

A guía docente das súas materias mostra que planifica a súa docencia en función dos contidos, con obxectivos e resultados de aprendizaxe claros, que a temporalización se axusta de maneira realista ao calendario académico, e cumpre o establecido nas memorias de verificación dos títulos e aparece reflectido todo iso coa máxima transparencia nos proxectos docentes. Ademais, a súa actividade non se limita á organización da docencia que ten asignada, senón que ten un coñecemento máis amplo de distintos temas relacionados coa innovación e a organización da docencia, o que implica que participe activamente en distintas comisións tanto a nivel de centro como de universidade.

Algunhas destas persoas docentes teñen a miúdo experiencia na coordinación docente e mostran interese por potenciar o ámbito das relacións internacionais.



Dimensión Desenvolvemento do ensino

Consegue implicar o alumnado na súa propia aprendizaxe a través das actividades propostas e comproba, durante o desenvolvemento das clases, o grao de comprensión da materia.

Explica con claridade, móstrase accesible, resolve as dúbidas e orienta academicamente o alumnado a través dos medios dispoñibles, ademais de participar no Plan de Acción Titorial (PAT).

Así mesmo, proporciónalle materiais de aprendizaxe que facilitan a adquisición dos resultados de aprendizaxe (coñecementos, habilidades e competencias) e fai uso de Moodle/Campus Virtual ou de calquera outra plataforma virtual cun nivel de usuario medio ou avanzado, que lle permite facer un control e seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado, avalialo, establecer vías de comunicación con el, crear espazos de aprendizaxe colaborativos etc.

Parte deste persoal docente mostra o seu compromiso coa UDC e co estudantado a través da súa participación en programas de difusión/divulgación institucionais, en actividades de reforzo curricular, titorías extra, docencia en inglés e/ou galego etc.

Dimensión Resultados

Reflexiona sobre a súa docencia, propónse melloralala ao cumprir con responsabilidade e calidade o plan de estudos da titulación e as tarefas docentes que lle son asignadas, e revisar os logros alcanzados polo seu estudantado.

Preocúpase por axustar os criterios e sistemas de avaliación aos contidos e competencias que se traballaron durante o curso.

Ademais, está comprometido coa actualización e o perfeccionamento docente; participa en grupos/proxectos de innovación docente e/ou en proxectos de aprendizaxe servizo, en cursos de formación, simposios e congresos etc. e co avance da investigación tamén se encarga da dirección de teses de doutoramento. Tamén mostra interese por coñecer outros sistemas de organización docente, a través de estancias noutras universidades nacionais ou internacionais.

Parte deste profesorado conta con publicacións docentes ou con algún premio ou recoñecemento de innovación docente.

2.4. Consecuencias da avaliación docente

A UDC, dentro da súa política de profesorado e de mellora dos títulos, declara de xeito explícito que a intención e finalidade con que desenvolve este programa recolle as seguintes consecuencias da avaliación da actividade docente:

- a) Elaborar un plan formativo para o profesorado que axude a mellorar as súas competencias profesionais. O profesorado que se avalíe terá preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC.



- b) Utilizar os datos, por parte dos centros para o proceso de seguimento e de renovación da acreditación dos seus títulos e o profesorado para os procesos de acreditación e para as convocatorias de complementos autonómicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a súa consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC.
- c) Outorgarlle ao profesorado con certificado de excelencia o recoñecemento da UDC.
- d) Valorar a avaliación positiva como mérito para participar como avaliador/a no Programa Docentia.
- e) Valorar a avaliación positiva como mérito específico nos concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador interino e laboral contratado da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 30/04/2014.
- f) Incluír os resultados do Programa Docentia como obxectivo no Plan estratéxico da UDC e incorporar este como indicador de obrigado cumprimento nos plans estratéxicos dos centros da UDC.
- g) Incrementar a transparencia e información pública da institución mediante a difusión dos resultados da avaliación entre os distintos axentes implicados e especialmente entre o estudiantado.
- h) Deixar patente o compromiso da UDC coa calidade e mellora continua en liña cos criterios marcados pola ENQA e aceptados polas axencias de calidade.

3. Ámbito de aplicación

Este procedemento de avaliación docente é de aplicación á avaliación quinquenal da actividade docente do profesorado da UDC, que abrangue todo o persoal docente e investigador (PDI) desta universidade, tanto funcionario como laboral e aqueles outros profesionais que impartan, **en cada un dos cinco cursos académicos obxecto de avaliación**, docencia universitaria en títulos universitarios oficiais e ademais consten no seu POD, un **mínimo de 150 horas de docencia impartida no período avaliado**, así como un **mínimo de 30 horas de docencia en tres dos cinco cursos académicos obxecto de avaliación**.

En aplicación do que está disposto no artigo 23.2.a) LRXSP, é incompatible ser avaliador/a e avaliado/a.

En cada convocatoria avaliaranse cinco cursos de docencia impartida. **As baixas laborais e as licenzas serán consideradas no cómputo xeral da docencia ata un máximo de dezoito meses.**

O profesorado que impartiu docencia en títulos oficiais de centros adscritos á UDC ou doutras universidades nalgún ou algúns dos cursos académicos que sexan obxecto de avaliación, *ata un máximo de 2*, comprometerase a achegar persoalmente todas as evidencias que se requiran da súa docencia nas respectivas universidades para completar o seu expediente. En caso contrario, a súa solicitude quedará sen efecto.



A participación na avaliación específica quinquenal será *confidencial* (véxase o punto 6.4 deste manual) e *voluntaria*, pero o profesorado que solicite participar na avaliación docente e sexa admitido non poderá desistir de continuar no proceso unha vez que sexa avaliado polo Comité de Avaliación Docente (CAD).

O profesorado que obteña un resultado positivo non terá que se someter a unha nova avaliación ata que transcorran cinco novos cursos académicos.

O profesorado que obteña un resultado negativo poderá solicitar unha nova avaliación da súa docencia dous cursos académicos despois, que contarán desde o curso académico da data da última resolución da Comisión Interna da Universidade (CIU) que recibiu o/a profesor/a.

4. Dimensións e criterios do modelo de avaliación

4.1. Dimensións da avaliación docente

O modelo considera tres dimensións como obxecto de avaliación de acordo co Programa Docentia desenvolvido pola ANECA: a planificación da docencia, o desenvolvemento do ensino e os resultados asociados, así como aquelas actuacións emprendidas polo profesorado para innovar e mellorar o seu desempeño docente (Figura I). Transversalmente, considérase a dedicación docente, que actuaría como condición previa, de modo que se o profesorado non desenvolve as actuacións que a describen non procedería determinar a súa calidade.




Figura I. Dimensións da avaliación docente. Fonte: ANECA (2007)


Para a súa avaliación, establécense as subdimensións e os elementos (táboa 1), que se relacionan a continuación, cuxa valoración se realizará a través das seguintes fontes de información: evidencias e indicadores, enquisas de avaliación docente do alumnado, autoinforme do profesorado e informes das autoridades académicas.



En calquera caso, o modelo de avaliación céntrase na avaliación da calidade da actividade docente e non en cumprir as obrigacións docentes, que son a condición necesaria para poder avaliar a calidade do desempeño, nin o mero sumatorio de méritos docentes; motivo polo cal a avaliación de tipo cualitativo ten o maior peso no proceso.

Táboa 1. Dimensións, subdimensións e elementos da avaliación docente

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS
1. PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA	1.1. Organización e coordinación docentes	1.1.1. Encarga docente
		1.1.2. Organización do ensino
		1.1.3. Coordinación con outras actuacións docentes
	1.2. Planificación do ensino e da aprendizaxe en relación coas materias impartidas	1.2.1. Resultados de aprendizaxe previstos
		1.2.2. Planificación das competencias, tarefas e actividades docentes en función dos créditos asignados e o tempo previsto en que deben investir os/as estudantes
		1.2.3. Criterios e métodos de avaliación acordes coa metodoloxía utilizada polo profesorado e co planificado
2. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	2.1. Desenvolvemento do ensino e avaliación da aprendizaxe	2.1.1. Actividades de ensino e aprendizaxe realizadas polo profesorado
		2.1.2. Actividades co estudantado
		2.1.3. Materiais e recursos para a docencia
3. RESULTADOS	3.1. Resultados en termos de obxectivos formativos	3.1.1. Logros alcanzados polos/as estudantes
		3.1.2. Resultados obtidos tendo en conta a satisfacción dos/as estudantes e do/a propio/a profesor/a
	3.2. Revisión e mellora da actividade docente: formación e innovación	3.2.1. Cambios e modificacións propostos polo/a profesor/a tendo en conta as carencias detectadas na planificación ou o desenvolvemento de actividades docentes
		3.2.2. Actividades de formación realizadas polo/a profesor/a

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	MANUAL PARA A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC	Código: AvProf Edición: 16 Data: 28/04/2026 Páxina 14 de 69
--	--	--

		3.2.3. Publicacións docentes
		3.2.4. Innovacións desenvolvidas
		3.2.5. Mobilidade docente

4.2. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación da actividade docente, en liña coas dimensións anteriormente citadas, son os seguintes:

- a) **Adecuación.** Responde aos requirimentos establecidos pola UDC e o centro correspondente en relación coa organización, a planificación, o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe do estudiantado. Deben ser conformes aos obxectivos formativos e aos resultados de aprendizaxe recollidos no plan de estudos, así como aos obxectivos da institución.
- b) **Satisfacción.** Xera unha opinión favorable dos demais axentes implicados no ensino, en especial do estudiantado, profesorado e autoridades académicas.
- c) **Eficiencia.** Propicia que o estudiantado acade as competencias previstas no plan de estudos, considerando os recursos que se poñen á súa disposición; en definitiva, o logro dos resultados previstos.
- d) **Orientación á innovación docente.** Reflexión sobre a propia práctica docente que favoreza a aprendizaxe do profesorado, a través da autoformación ou a formación regulada por outras instancias, e promove a predisposición a introducir cambios que afecten ao modo en que se planifica e desenvolve o ensino ou se avalían os resultados deste.

A valoración das dimensións está reflectida na táboa 2.

Táboa 2. Dimensións e pesos (en porcentaxes) da avaliación docente

Dimensión	Evidencias/ Indicadores	Reflexión sobre a súa práctica (Autoinforme do/a profesor/a)	Autoridades académicas	Alumnado	Total
Planificación da docencia	10	10	5	10	35
Desenvolvemento do ensino	10	10	5	10	35
Resultados	10	10	—	10	30
Total	30	30	10	30	100

A relación de dimensións, subdimensións e elementos, así como as evidencias e os indicadores correspondentes e os/as responsables de achegar cada un deles, aparecen reflectidos no anexo I.



Para cada dimensión, todas as evidencias e indicadores serán valorados nunha escala do 1 ao 100 e ao finalizar o proceso realizarase un rateo, como resultado do cal o/a profesor/a poderá obter unha das seguintes cualificacións:

- a) Desempeño excelente: se a puntuación nesa dimensión é do 85 % ou máis.
- b) Desempeño notable: máis de 60 e menos de 85 % da puntuación nesa dimensión.
- c) Desempeño aceptable: entre o 50 e o 60 % da puntuación nesa dimensión.
- d) Desempeño insuficiente: se a puntuación nesa dimensión é menor do 50 %.

A valoración final realizarase atendendo ás obtidas nas diferentes dimensións:

a) **Desempeño insuficiente.** Se se obtén unha valoración de *desempeño insuficiente* nalguna das tres dimensións avaliadas. Se só presenta unha dimensión con esta valoración, o CAD correspondente poderalle outorgar unha *avaliación condicionada* e propoñer a realización dun plan de mellora específico dirixido a ela (véxase o procedemento no punto 6.2).

b) **Desempeño aceptable.** Se se obtén unha valoración de *desempeño excelente* ou de *desempeño notable* nunha das dimensións e de *desempeño aceptable* nas outras dúas, ou ben se se obtén unha valoración de *desempeño aceptable* nas tres dimensións.

c) **Desempeño notable.** Se se obtén unha valoración de *desempeño excelente* nunha das dimensións e de *desempeño notable* nas outras dúas; de se obter unha valoración de *desempeño notable* en dúas dimensións e de *desempeño aceptable* na outra, de se obter nas tres dimensións unha valoración de *desempeño notable*, de se obter nunha dimensión a valoración de *desempeño excelente*, noutra a de *desempeño notable* e na outra a de *desempeño aceptable* ou de se obter unha valoración de *desempeño excelente* en dúas dimensións e de *desempeño aceptable* na outra.

d) **Desempeño excelente.** Se se obtén unha valoración de *desempeño excelente* en dúas dimensións e de *desempeño notable* na outra, ou ben de se obter nas tres dimensións unha valoración de *desempeño excelente*.

A UDC outorgaralle un certificado de excelencia a aqueles docentes que acaden un desempeño excelente nas tres dimensións do Programa Docentia.

4.3. Causas de exclusión

Co fin de que os CAD poidan realizar a avaliación de maneira obxectiva, fiable e con garantías, o profesorado quedará excluído do proceso cando:

4.3.1. Non achegue o autoinforme no prazo establecido, este non conteña a información necesaria para valorar a súa actividade docente, non se axuste ao modelo establecido neste manual (anexo III da vixente edición do manual) ou que a súa extensión supere as 18 páxinas, sen incluír a portada.

4.3.2. O expediente do/a profesor/a non conteña as evidencias e os indicadores suficientes (anexo I da vixente edición do manual) para poder valorar a súa actividade docente.



4.3.3. Dous ou máis autoinformes conteñan identidades substanciais no seu contido. **Neste caso, quedará excluído do proceso todo o profesorado afectado/implicado e non poderá volver participar neste programa ata que transcorran dúas novas convocatorias.**

4.3.4. As autoridades académicas (persoa/s responsable/s de centro en que o/a profesor/a teña a docencia maioritaria e de quen o/a profesor/a solicitou obter informe, de ser o caso, e da persoa responsable de departamento) non acheguen o informe sobre a actividade docente do/a profesor/a ou non conteña a información necesaria para valorar a calidade do seu desempeño docente.

Para iso, a presidencia do CAD comunicarlle á CIU a situación detectada e esta, tras as comprobacións que procedan, de ser o caso, emitirá unha resolución motivada da/s causa/s da exclusión no proceso, que lle será remitida ao profesorado afectado. O profesorado disporá do prazo dun mes para presentar unha reclamación perante a CIU, que conta a partir do día seguinte á data de envío da dita resolución.

O CAD deberá avaliar o/s expediente/s do profesorado afectado, salvo que o autoinforme non se axuste aos criterios do apartado 4.3.1.

4.4. Fontes e procedementos de recollida de información

As fontes de información para avaliar a actividade docente estarán sustentadas por:

- As evidencias e os indicadores que constaren nas bases de datos da UDC (cando nestas non conste esa información terá que a achegar o profesorado).
- As evidencias e os indicadores achegados polo profesorado (anexo I) e polo autoinforme que elabore (anexo III)
- O/s informe/s das autoridades académicas (anexo IV).
- Os resultados do Cuestionario de avaliación da docencia polo alumnado (anexo V), cuxos datos facilitará o Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) da UDC.

5. Procedemento xeral e axentes implicados

5.1. Procedemento xeral e a súa difusión

1. A CIU publicará a convocatoria de avaliación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, na páxina web da Universidade e na páxina web da Unidade Técnica de Calidade (UTC), onde tamén estará publicada a edición vixente do Manual e enviaralle un correo electrónico a todo o PDI para o informar da súa publicación, do prazo para presentar as solicitudes e do enderezo e modo de acceder á aplicación informática a través da que se vai desenvolver o proceso de avaliación.

Na convocatoria figurará, polo menos, o seguinte:

- o prazo de presentación e aceptación de solicitudes



- o período que se vai avaliar
- os requisitos para poder participar na convocatoria

En aplicación do que está disposto no artigo 23.2.a) LRXSP, a convocatoria indicará a condición de incompatibilidade entre ser avaliador/a e avaliado/a e adoptará as medidas oportunas para facer efectiva esta incompatibilidade.

2. O profesorado realizará a solicitude a través da aplicación informática. Esta aplicación xera o impreso de solicitude para participar no proceso que se presenta a través da sede electrónica da UDC. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da convocatoria e do procedemento regulado na edición vixente do Manual.

3. A CIU comunicaralle, por correo electrónico, ás persoas solicitantes a aceptación ou o rexeitamento motivado da solicitude presentada e abrirase un prazo de reclamacións de dez días hábiles.

4. A UDC impartirá unha xornada formativa dirixida ao profesorado que foi admitido en que se lle explicará o desenvolvemento de todo o proceso de avaliación.

5. O profesorado incorporará na aplicación informática as evidencias e os indicadores que figuran no anexo I deste manual, correspondentes a **fonte «solicitante»** e a ligazón aos certificados/xustificantes.

6. A UTC obterá as evidencias e os indicadores, que figuran no anexo I deste manual, a través das persoas responsables de as proporcionar e incorporaraas á aplicación informática.

7. A CIU comunicaralle por correo electrónico ao profesorado que xa ten as evidencias incorporadas na aplicación informática.

8. O profesorado revisará as evidencias que incorporou a UTC e presentará as reclamacións que considere oportunas, se for o caso. Se os datos son de universidade/s distinta/s da UDC, ten que incorporar as evidencias que figuran no anexo I deste manual correspondente a **fonte «vicerreitorías, secretaría xeral, responsables de centros/departamentos, SIC»**.

O impreso de reclamacións que xera a aplicación informática ten que se remitir ao presidente da CIU a través da sede electrónica da UDC.

9. A CIU resolve as reclamacións ás evidencias e comunícallo ás persoas que reclamaron.

10. A CIU solicítalle ás autoridades académicas que cubran, na aplicación informática, o informe correspondente, que figura como anexo IV deste manual.

11. O profesorado elaborará o autoinforme que figura como anexo III deste manual na aplicación informática directamente ou noutro soporte e, neste caso, terá que o incorporar á dita aplicación antes de que remate o prazo establecido na convocatoria.



12. A UDC, en colaboración coa ACSUG, impartirá unha xornada formativa dirixida aos membros que forman parte dos CAD en que se presentará o Programa Docentia e o proceso de avaliación, así como a xestión documental a través da aplicación informática en que realizará a avaliación do profesorado.

13. Os CAD levan a cabo o proceso de avaliación docente:

- Cada membro do CAD realiza a avaliación individual de cada un dos expedientes do profesorado que lle foran asignados.
- Reunión de consenso do CAD, que será convocada pola persoa que os preside, en que se xera o informe de cada profesor/a (anexo VI).

Os acordos adoptados na reunión téñense que recoller na acta correspondente. Unha vez que remate a reunión o/a presidente/a ten que lla remitir á CIU.

14. A CIU analiza os informes dos CAD e baseándose nestes elabora a resolución sobre a actividade docente do profesorado (anexo VII deste Manual) que lle remite a cada profesor/a por correo electrónico xunto coa enquisa de satisfacción co procedemento de avaliación.

15. En caso de desconformidade coa resolución, o profesorado poderá presentar unha reclamación perante a CIU no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte á data de envío da dita resolución.

As reclamacións deberán estar debidamente motivadas e farán referencia expresa aos aspectos concretos de avaliación que se aleguen.

16. Rematado o prazo de reclamacións, a CIU remítelle á presidencia do CAD correspondente unha copia da/s reclamación/s do profesorado e solicítalle que emita un informe motivado en que se faga referencia a todos os aspectos que reclamou o/a docente e consensuado por todos os membros do CAD sobre esta/s.

17. A presidencia do CAD envíalle, por correo electrónico, á CIU os informes solicitados.

18. A CIU, baseándose no informe emitido polo CAD, resolve a reclamación no prazo de dous meses e remítelle a resolución ao/á profesor/a, por correo electrónico.

19. O profesorado que non estea conforme coa resolución poderá interpoñer un recurso de alzada perante o reitor ou a reitora da UDC no prazo dun mes de acordo co establecido nos artigos 112 e seguintes LPACAP.

As comunicacións en relación cos trámites desta convocatoria serán por medios electrónicos nos enderezos institucionais.

5.2. Axentes implicados no proceso

5.2.1. Axentes unipersoais



- As vicerreitorías con competencias en materia de profesorado e de calidade serán corresponsables deste procedemento e contarán co apoio administrativo da UTC para o seu desenvolvemento.
- O profesorado que se avalíe en cada convocatoria do Programa Docentia está obrigado a achegar as evidencias que figuran no anexo I. A través dos seus representantes institucionais e sindicais e da enquisa de satisfacción, poderá presentar propostas para mellorar o proceso de avaliación nas próximas convocatorias.
- O alumnado achegará información sobre o desenvolvemento do ensino do seu profesorado mediante as enquisas de satisfacción coa docencia recibida “Cuestionario de avaliación da docencia polo alumnado” (DA), anexo V, e das queixas/felicitacións ou suxestións que presenten nos centros ou departamentos ou mediante o apartado de [suxestións da UDC](#). A través dos seus representantes na CIU poderá presentar propostas para mellorar o proceso de avaliación nas próximas convocatorias.
- As persoas responsables académicas (decanos/as ou directores/as dos centros e directores/as dos departamentos) deberán proporcionar información sobre o labor docente do profesorado obxecto de avaliación mediante o informe correspondente (anexo IV). Para isto, poderán consultar as Comisións de Garantía de Calidade (CGC) dos centros.

Cada profesor/a recibirá dous informes de responsables académicos, o do decano/a ou director/a do centro en que impartira a maior parte da docencia no período que se avalía e que indicou na solicitude (anexo I) e o do director/a do departamento.

No caso de que o/a profesor/a considere que a súa valoración a debe realizar o responsable académico dun centro diferente ao establecido *a priori*, pódeo solicitar de forma razoada, ben indicándoo na solicitude (anexo I) ou, antes do 30 de xuño, a través da sede electrónica da UDC, sempre que cumpra o requisito de que impartiu no centro que propuxo, polo menos, o 25 % da súa docencia no quinquenio que se avalía.

No caso de que o/a responsable académico/a concorra á convocatoria de avaliación, o seu informe elaborarao o/a secretario/a académico/a do centro ou do departamento.

A través das persoas representantes institucionais e sindicais e da enquisa de satisfacción poderán presentar propostas para mellorar o proceso nas próximas convocatorias.

Todos os órganos de xestión unipersoais recollidos no anexo I serán responsables de achegar as evidencias que deles dependan para completar o expediente do profesorado obxecto de avaliación.

5.2.2. Axentes colexiados

5.2.2.1. A Comisión Interna da Universidade (CIU)

A CIU terá a seguinte composición:




- a) Presidencia: vicerreitor/a con competencias en materia de calidade
- b) Secretaría: técnica da UTC (que actuará con voz, mais sen voto)
- c) Vogalías:
- persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado
 - adxunta/o de Organización Académica e Calidade
 - xefatura da UTC
 - cinco docentes, un/ha por cada rama de coñecemento, designadas polo Consello de Goberno por proposta da reitora ou do reitor. De existir máis persoas candidatas que postos, serán elixidas en sesión ordinaria mediante votación. Actuarán como presidentes/as dos CAD.
 - dúas persoas representantes do estudantado, propostas polos/as representantes do estudantado no Consello de Goberno da UDC.
 - unha persoa representante sindical do persoal docente e investigador (PDI) da UDC, proposta pola Xunta de Persoal e o Comité de Empresa.

Serán as súas funcións e responsabilidades:

- a) Iniciar anualmente o proceso de avaliación e dirixilo.
- b) Velar polo cumprimento do Programa Docentia.
- c) Revisar o traballo dos CAD.
- d) Emitir a resolución motivada da/s causa/s da exclusión no proceso ao profesorado que se vexa afectado por algunha das situacións que figuran neste manual.
- e) Publicar as convocatorias concernentes ao profesorado e ao alumnado para participaren nos CAD e seleccionar os membros da UDC que formarán parte destes comités.
- f) Xerar a resolución de cada profesor/a e notificarlle os resultados da avaliación da súa actividade docente.
- g) Resolver as reclamacións presentadas polo profesorado relativas aos resultados da avaliación da súa docencia.
- h) Analizar e trasladar os resultados aos órganos pertinentes e facelos públicos.
- i) Aprobar o informe final da Universidade correspondente a cada convocatoria.
- j) Establecer as propostas de mellora necesarias como froito dos resultados.
- k) Propoñer melloras ao procedemento.
- l) Realizar o seguimento do profesorado en colaboración coas CGC dos centros da UDC.

5.2.2.2. Os comités de avaliación docente (CAD)

A composición de cada un dos cinco CAD (un por cada rama de coñecemento) variará en función do número de solicitudes que teñan que avaliar.

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	MANUAL PARA A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC	Código: AvProf Edición: 16 Data: 28/04/2026 Páxina 21 de 69
--	--	--

a) Número de solicitudes **igual ou inferior a 15**

- Presidencia: docente da rama de coñecemento específica, membro da CIU
- Tres vogais:
 - Un/ha vogal interno/a, docente da UDC nomeado/a polo reitor ou a reitora, que actuará como secretario/a. Será a persoa que figura como titular 1 na resolución definitiva para propoñer o profesorado que formará parte do CAD correspondente á última convocatoria que publicou a UDC.
 - Un/ha vogal externo/a, docente alleo/a ao sistema universitario galego, proposto/a pola ACSUG
 - Un/ha estudante da UDC (representante do alumnado nalgún dos órganos colexiados da UDC) ou alleo/a á UDC, proposto/a pola ACSUG, no caso de que na resolución definitiva para propoñer o alumnado que formará parte do CAD correspondente á última convocatoria que publicou a UDC non se cubrisen as prazas.

b) Número de solicitudes **superior a 15 e inferior a 30**

- Presidencia: docente da rama de coñecemento específica, membro da CIU
- Seis vogais:
 - Dous vogais internos, docentes da UDC nomeados/as polo/a reitor/a. Un/ha actuará como secretario/a. Serán as persoas que figuran como titular 1 e titular 2 na resolución definitiva para propoñer o profesorado que formará parte do CAD correspondente á última convocatoria que publicou a UDC.
 - Dous vogais externos, docentes alleos/as ao sistema universitario galego, propostos pola ACSUG.
 - Un/ha estudante da UDC (representante do alumnado nalgún dos órganos colexiados da UDC) ou alleo/a á UDC, proposto/a pola ACSUG, no caso de que na resolución definitiva para propoñer o alumnado que formará parte do CAD correspondente á última convocatoria que publicou a UDC non se cubrisen as prazas.
 - Un/ha estudante alleo/a á UDC, proposto/a pola ACSUG.

c) Número de solicitudes **igual ou superior a 30**

- Presidencia: docente da rama de coñecemento específica, membro da CIU
- Doce vogais:
 - Catro vogais internos, docentes da UDC nomeados/as polo/a reitor/a. Un/ha actuará como secretario/a.

Neste caso, convocaranse dúas persoas que figuren como suplentes na resolución definitiva para propoñer o profesorado que formará parte dos CAD correspondente á última convocatoria que publicou a UDC.

 - Catro vogais externos, docentes alleos/as ao sistema universitario galego, propostos/as pola ACSUG.



- Dous/dúas estudantes da UDC (representante do alumnado nalgún dos órganos colexiados da UDC) ou alleos/as á UDC, propostos/as pola ACSUG, no caso de que na resolución definitiva para propoñer o alumnado que formará parte do CAD correspondente á última convocatoria que publicou a UDC non se cubrisen as prazas.
- Dous/dúas estudantes alleos/as á UDC, propostos/as pola ACSUG.

As súas funcións e responsabilidades serán:

- Valorar o expediente do/a profesor/a segundo a información que consta na aplicación informática e baseándose no establecido neste Manual e nos criterios de avaliación que figuran na “Guía para avaliar a actividade docente da UDC. Comités de Avaliación Docente (CAD)” que estea vixente en cada convocatoria de avaliación do profesorado.**
- Realizar un informe individual sobre a actividade docente de cada profesor/a. Este informe necesariamente deberá incluír accións de mellora (actividades de formación, innovación, cumprimento de obxectivos concretos etc.) para o profesorado avaliado, agás no caso de que a valoración sexa de Desempeño Excelente.
- Asistir á reunión de consenso en que se elaborará o informe do CAD de cada docente avaliado/a e se consensúan as accións de mellora que estes deben levar a cabo.
- Velar pola transparencia e o rigor do proceso, así como pola confidencialidade dos datos.
- Establecer o plan de mellora que debe executar o profesorado que obtivo unha avaliación condicionada. Este plan de mellora debe orientar o/a docente cara á consecución dos estándares dun desempeño, cando menos aceptable, mediante accións de mellora realizables no prazo co que conta para xustificar a execución do dito plan.
- Analizar e valorar as evidencias sobre a execución do plan de mellora que presente o profesorado que obtivo a valoración de avaliación condicionada.
- Emitir e enviarlle á CIU un informe, motivado e consensuado por todos os membros do CAD, sobre as reclamacións presentadas polo profesorado relativas aos resultados da avaliación da súa docencia. Este informe motivado debe facer referencia a todos os aspectos que reclamou o/a docente.
- Propoñer melloras ao manual e ao procedemento de avaliación, a través da enquisa de satisfacción e das actas que xeran ao rematar o proceso de avaliación.

Os CAD funcionarán en pleno e en subgrupos de avaliadores/as. Cada profesor/a será avaliado/a por tres vogais (un/ha profesor/a interno/a, un/ha profesor/a externo/a e polo/a estudante).

O/a presidente/a do CAD supervisará as avaliacións individuais realizadas polos vogais baseándose nos criterios de avaliación establecidos na “Guía para avaliar a actividade docente da UDC. Comités de Avaliación Docente (CAD)” e proporcionaralles as



indicacións que considere necesarias aos/ás avaliadores/as co obxectivo de velar polo cumprimento dos ditos criterios.

Correspóndelle ao Pleno, na reunión de consenso, emitir o informe do CAD, anexo VI, de cada profesor/a con base nos informes individuais do subgrupo de avaliadores/as.

Procedemento de selección dos/as vogais internos/as e das persoas representantes do estudiantado da UDC

1. A CIU publicará as seguintes convocatorias:

a) Unha convocatoria aberta ao profesorado da UDC, no TEO e na páxina web da UTC, e enviaralle un correo electrónico a todo o PDI informando da súa publicación.

En aplicación do que está disposto no artigo 23.2.a) LRXSP, esta convocatoria indicará a condición de incompatibilidade entre ser avaliador/a e avaliado/a e adoptará as medidas oportunas para facer efectiva esta incompatibilidade.

b) Unha convocatoria para o alumnado da UDC (representantes do alumnado nalgún dos órganos colexiados da UDC), no TEO e na páxina web da UTC e, así mesmo, serán informados/as os/as representantes do alumnado no Consello de Goberno e no resto dos órganos colexiados da UDC para que o difundan entre o colectivo obxecto de selección.

2. As persoas interesadas presentarán as súas solicitudes segundo o establecido nas convocatorias correspondentes.

3. As persoas integrantes seleccionaranse segundo os criterios establecidos en cada convocatoria.

4. A relación provisional de persoas que foron admitidas e excluídas por rama de coñecemento publicarase no TEO e na páxina web da UTC.

5. Unha vez que se resolvan as reclamacións, a resolución definitiva por rama de coñecemento e ordenada por titulares e suplentes publicarase no TEO e na páxina web da UTC.

6. A resolución definitiva remitiráselle ao/á reitor/a da Universidade para que proceda a nomear as persoas titulares. As persoas suplentes poderán ser nomeadas para cubrir baixas ou incrementar o número de vogais dos CAD en función do número de profesorado que se avalíe.

Paralelamente, a ACSUG seleccionará os/as vogais externos/as de cada CAD e enviaralle o resultado da súa escolla á CIU que, á súa vez, llo comunicará ao reitor ou á reitora para que proceda ao seu nomeamento.

O nomeamento dos/as vogais dos CAD será por período de dúas convocatorias de avaliación, renovables por outras dúas, sempre que as convocatorias que publica a Universidade para seleccionar os/as vogais internos/as non indiquen o contrario.



6. Resultados das avaliacións

6.1. Procedemento para a toma de decisións derivadas da avaliación docente

O profesorado avaliado *deberá participar* naquelas accións formativas que realice a Universidade e que coincidan coas accións formativas propostas pola CIU ou con elementos en que obtivese unha valoración de desempeño insuficiente ou de desempeño aceptable, seguindo así co nivel de gradación.

Tendo en conta os resultados das avaliacións e as accións de mellora propostas polos CAD, a CIU poderalle propor ao Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) o deseño de plans de formación específicos dirixidos ao profesorado dun mesmo centro, departamento, área de coñecemento ou outra unidade de agregación similar, de acordo co centro ou co departamento correspondente.

6.2. Procedemento para o seguimento das accións derivadas da avaliación docente

- Transcorridos tres cursos académicos desde a data da resolución da CIU, o profesorado débelle enviar á CGC do seu centro o autoinforme sobre as accións que desenvolveu e os xustificantes correspondentes, de ser o caso, para que esta valore o seu grao de cumprimento.
- As CGC dos centros, unha vez reciban os autoinformes do profesorado, teñen que elaborar, aprobar e remitir á CIU o *Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU (anexo VIII)*.
- A CIU, unha vez que recibe os informes das CGC dos centros, analízalos e inclúe os resultados no Informe final da UDC.
- Cando o/a profesor/a solicite unha nova avaliación, o CAD disporá do informe de seguimento das accións de mellora aprobado pola CGC, para a súa consideración no momento da avaliación.

O profesorado que obteña a valoración de desempeño insuficiente só nunha das dimensións pode obter, se o CAD o considera pertinente, unha valoración de avaliación condicionada á realización dun plan de mellora específico. Neste caso seguirase o procedemento que aparece a continuación:

- a) O CAD establece o plan de mellora específico que debe levar a cabo o/a profesor/a e que figurará, posteriormente, na resolución da CIU.
- b) O/a profesor/a executa as accións de mellora antes de que finalice o proceso de avaliación externa que teña lugar despois da seguinte convocatoria do Programa Docencia da que se avaliou e remítelle á CGC do centro os certificados/xustificantes da súa realización.
- c) A CGC do centro revisa os certificados/xustificantes remitidos polo profesorado e cobre o Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU (anexo VIII).



- d) A CGC do centro remítelle á CIU os certificados/xustificantes presentados polo/a profesor/a, xunto co Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU asinado polo/a presidente/a.
- e) O CAD analiza a documentación enviada pola CGC do centro, correspondente á dimensión en que o/a profesor/a acadou o desempeño insuficiente, e emite un novo informe sobre a valoración que obtivo nesa dimensión e/ou o resultado final que lle remite a CIU.
- f) A CIU modifica a resolución sobre a valoración obtida, de ser o caso, nesa dimensión e/ou o resultado final.

Realizar o seguimento das propostas de mellora terá consecuencias positivas para o centro ou departamento nos programas específicos relativos á docencia que a UDC outorga, tal e como as obterán os centros ou departamentos cuxo profesorado acadou valoracións favorables. En consonancia, o incumprimento deste comportará consecuencias negativas para o centro ou departamento nos programas específicos relativos á docencia que a UDC outorga.

O cumprimento satisfactorio das accións de mellora e o seu envío á CGC do centro terá consecuencias positivas para o/a profesor/a no relativo a beneficios outorgados pola UDC a actividades relacionadas coa docencia, tal e como as obterá o profesorado cunha avaliación favorable. Pola súa vez, a non presentación do dito autoinforme ou o incumprimento das accións de mellora por parte do profesorado implicará que non se beneficie das consecuencias do Programa Docencia.

6.3. Procedemento para difundir os resultados da avaliación docente

Ao rematar o proceso de avaliación de cada convocatoria, a UTC elabora un informe sobre os resultados onde consta o número de profesorado que solicitou participar na convocatoria e o número de profesorado admitido e excluído, as causas de exclusión, o número de solicitantes admitidos/as que non remataron o proceso, os resultados da avaliación por centros, departamentos e ramas de coñecemento e os resultados finais por porcentaxes.

Paralelamente, a UTC elabora o Informe institucional que lle remite á CIU para que esta o revise e o aprobe.

Este informe envíase á ACSUG para que sexa avaliado pola Comisión de Seguimento.

Ambos os informes publícanse na páxina web da UDC, <http://www.udc.gal/pdi> e na páxina web da UTC <http://www.udc.gal/utc> e a CIU comunícalle a todo o profesorado, por medio dun correo electrónico, a súa publicación.

6.4. Control da información confidencial

A publicidade do proceso de avaliación ten como límite a salvagarda da plena confidencialidade de calquera información facilitada sobre o profesorado, de acordo coa



Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos recollidos mediante os distintos informes, correos electrónicos ou outros medios destinaranse exclusivamente ás finalidades indicadas neste procedemento.

Os datos relativos aos resultados da avaliación do profesorado avaliado enviaránselles ás persoas responsables dos centros e dos departamentos co fin de que poidan evidenciar os Sistemas de Garantía de Calidade e para que os teñan en conta nos procesos de seguimento anual e renovación da acreditación dos títulos oficiais, no seguimento e consecución dos obxectivos marcados nos seus plans estratéxicos, no establecemento de plans de formación para o profesorado e na elaboración do Plan de Organización Docente (POD).

Ao Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa da UDC (CUFIE) remitiráselle a relación de profesorado avaliado e que teña establecidas, na resolución da CIU, accións de mellora relacionadas coa formación, co fin de que se lle dea prioridade na realización de cursos de formación relacionados.

Ás CGC dos centros da UDC remitiráselles as accións de mellora de cada profesor/a no momento de facer o seguimento destas accións.

A UDC solicitaralle autorización para publicar o seu nome e apelidos ao profesorado que obtivera o certificado de excelencia.

7. Formatos e rexistros

Táboa 3. Formatos e rexistros

Identificación do rexistro	Formato (denominación anterior)	Formato (denominación nova)	Soporte de arquivo	Responsable da custodia	Tempo de conservación
Solicitude do/a profesor/a	Anexo II	Anexo II	Soporte informático/aplicación informática	UTC/ACSUG	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a. En caso de non ser admitido/a ou de non seguir co proceso, ata que volva presentar unha nova solicitude
Cuestionario de avaliación da docencia polo alumnado	Anexo V	Anexo V	Aplicación informática	VTI/UTC	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a. En caso de non ser admitido/a ou de non seguir co proceso, ata que volva presentar unha nova solicitude
Solicitude de corrección de evidencias	Non existe formato	Non existe formato	Soporte informático/aplicación informática	UTC/ACSUG	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a. En caso de non ser admitido/a ou de non seguir co proceso, ata que volva presentar unha nova solicitude
Autoinforme do/a profesor/a	Anexo III	Anexo III	Aplicación informática	UTC/ACSUG	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a



Identificación do rexistro	Formato (denominación anterior)	Formato (denominación nova)	Soporte de arquivo	Responsable da custodia	Tempo de conservación
Informe das autoridades académicas	Anexo IV	Anexo IV	Aplicación informática	UTC/ACSUG	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a
Informe do CAD sobre a valoración da actividade docente	Anexo VI	Anexo VI	Aplicación informática	UTC/ACSUG	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a
Actas dos CAD	Non existe formato	Non existe formato	Papel/Aplicación informática	UTC/ACSUG	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a
Resolución da CIU sobre a actividade docente do profesorado da UDC	Anexo VII	Anexo VII	Soporte informático/ Aplicación informática	UTC/ACSUG	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a
Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU	Anexo VIII	Anexo VIII	Soporte informático	CGC/UTC	Ata que o/a <u>profesor/a</u> se avalie de novo
Informe institucional	Non existe formato	Non existe formato	Soporte informático	UTC	Cinco anos, a partir dese momento remitiranse ao CEDAR
Reclamacións ou recursos presentados	Non existe formato	Non existe formato	Papel ou Soporte informático	UTC	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a ou ata que solicite unha nova avaliación



Identificación do rexistro	Formato (denominación anterior)	Formato (denominación nova)	Soporte de arquivo	Responsable da custodia	Tempo de conservación
Informes dos CAD sobre as reclamacións	Non existe formato	Non existe formato	Soporte informático	UTC	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a ou ata que solicite unha nova avaliación
Resolución sobre as reclamacións ou os recursos	Non existe formato	Non existe formato	Soporte informático	UTC	Durante os cinco cursos posteriores á avaliación do/a profesor/a ou ata que solicite unha nova avaliación
Actas da CIU	Non existe formato	Non existe formato	Soporte informático	UTC	Cinco anos, a partir dese momento remitiranse ao CEDAR

Anexo I

Valoración cualitativa e cuantitativa das dimensións, subdimensións e elementos

ANEXO I. Valoración cualitativa e cuantitativa das dimensións, subdimensións e elementos

DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
1. Planificación da docencia	1.1. Organización e coordinación docentes	1.1.1. Encarga docente	Docencia recollida no POD da UDC	Vic. de Profesorado (VP)
			Docencia non recollida no POD¹ (Títulos oficiais de grao ou de mestrado universitario de fóra da UDC, títulos propios, Universidade Senior)	Solicitante
			Participación en tribunais de: traballos de fin de grao, fin de mestrado	Vic. de Titulacións e Internacionalización (VTI) Responsables de centro
			Participación en tribunais de teses de doutoramento	Servizo de Informática e Comunicacions (SIC)
			Dirección de traballos de fin de grao, fin de mestrado	VTI Responsables de centro
			Enquisa DA, ítem 14 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)	VTI
			Autoinforme	Solicitante

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
		1.1.2. Organización do ensino	Guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia (excepto as das materias de TFG/TFM, Prácticum e Prácticas externas)	Solicitante
			Enquisa DA, ítems 1, 5 e 10 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítems 2 e 4 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	VTI
			Autoinforme	Solicitante
		1.1.3. Coordinación con outras actuacións docentes	Participación en órganos colexiados da UDC e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade (nome do órgano/comisión, núm. de reunións que tiveron lugar ao longo do curso, núm. de reunións a que asistiu, ausencias xustificadas)	Secretaría Xeral- vicerreitorías responsables

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
			Participación na xunta de centro e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade (nome do órgano/comisión, núm. de reunións que tiveron lugar ao longo do curso, núm. de reunións a que asistiu, ausencias xustificadas)	Responsables de centro
			Participación no consello de departamento e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia (nome do órgano/comisión, núm. de reunións que tiveron lugar ao longo do curso, núm. de reunións a que asistiu, ausencias xustificadas)	Responsables de departamento
			Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria	Solicitante

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
			Participación en actividades de coordinación docente (responsable de campus de especialización, profesor/a responsable de titulación, coordinador/a de título -grao, mestrado universitario e doutoramento-, coordinador/a de curso, mención/especialidade e/ou módulo, coordinador/a de prácticas de laboratorio, asesor/a de teleformación)	Solicitante
			Participación en programas ou proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas (<i>Erasmus Mundus, IP, Acompañing measures, Tempus, Grundtvig, Jean Monnet, Edulink, Alfa, Cooperación con países industrializados, PCI-AECID, BIP, outros.</i>)	Solicitante

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
			Actividades desenvolvidas no eido das relacións internacionais: <ul style="list-style-type: none"> - Responsable de RRII do centro - Titores/as académicos/as de intercambio. - Promotor/a de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos (con certificado do secretario/a académico do centro) - Participación en Intercambio Virtual COIL 	Solicitante
			Informe das autoridades académicas	Responsables de centro/Responsables de departamento
			Autoinforme	Solicitante
	1.2. Planificación do ensino e da aprendizaxe en relación coas materias impartidas	1.2.1. Resultados de aprendizaxe previstos	Autoinforme	Solicitante
		1.2.2. Planificación das competencias, tarefas e actividades docentes en	Valoración destes apartados na guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia	CAD

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
		función dos créditos asignados e o tempo previsto que deben investir os/as estudantes	Enquisa DA, ítem 11 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítem 3 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	VTI
			Autoinforme	Solicitante
		1.2.3. Criterios e métodos de avaliación acordes coa metodoloxía utilizada polo/a profesor/a e co planificado	Valoración destes apartados na guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia	CAD
			Enquisa DA, ítems 18 e 19 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítem 9 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	VTI
			Autoinforme	Solicitante

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
2. Desenvolve- mento do ensino	2.1. Desenvolve- mento do ensino e avaliación da aprendizaxe	2.1.1. Actividades de ensino e aprendizaxe realizadas polo/a profesor/a	Organización e participación en: <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar)² (con certificado do/a secretario/a do centro) - Actividades de mentoría no ensino superior (titorización de prácticas extracurriculares, titorización de bolseiros/as de departamento ou similar) - Actividades de titorización para a materia² <i>Nota: as actividades de titorización son as actividades extras que o profesorado realizou fóra do horario de clase e/ou titorías para axudar o alumnado a superar a materia ou como complemento formativo a esta)</i>	Solicitante
			Docencia en inglés e/ou galego ² (Só se considera a docencia que consta no POD, inclúese <i>English Friendly</i>)	VP
			Informe das autoridades académicas	Responsables de centro/responsables de departamento

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
			Enquisa DA, ítems 3, 6 a 9, 15 a 17 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítems 6, 11, 5 e 8 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	VTI
			Autoinforme	Solicitante
		2.1.2. Actividades co estudiantado	Participación en programas de difusión/divulgación institucionais tales como: programas de difusión das titulacións, programa de recepción de alumnos de ensino medio nos centros, programa de divulgación científica da UDC e programas/actividades relacionados coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade	Solicitante
			Participación no PAT (coordinador/a, titor/a)	VTI
			Informe das autoridades académicas	Responsables de centro/responsables de departamento
			Autoinforme	Solicitante
		2.1.3. Materiais e recursos para a docencia	Materiais deseñados para o último curso académico en que impartiu cada materia	Solicitante

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
			Utilización de Moodle/Campus Virtual/Campus Online ou doutras plataformas virtuais semellantes durante o último curso en que impartiu cada materia	Solicitante
			Enquisa DA, ítems 4 e 12 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítem 7 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	VTI
			Autoinforme	Solicitante
3. Resultados	3.1. Resultados en termos de obxectivos formativos	3.1.1. Logros alcanzados polos/as estudantes	Número de alumnado matriculado/ alumnado matriculado de 1ª matrícula	SIC
			Taxa de éxito (alumnado aprobado/ presentado)	SIC
			Taxa de rendemento (alumnado aprobado/ matriculado)	SIC
			Taxa de avaliación (alumnado presentado/ matriculado)	SIC
			Teses de doutoramento dirixidas e que foron defendidas publicamente (non en proceso de elaboración)	SIC

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
			Enquisa DA, ítems 20 a 23 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítems 10 e 12 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	VTI
			Autoinforme	Solicitante
		3.1.2. Resultados obtidos tendo en conta a satisfacción dos/as estudantes e do/a propio/a profesor/a	Enquisa DA, ítem 24 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítem 13 (cursos académicos 2022/23 ao 2024/25)	VTI
			Autoinforme	Solicitante
	3.2. Revisión e mellora da actividade docente: formación e innovación	3.2.1. Cambios e modificacións propostos polo/a profesor/a tendo en conta as carencias detectadas na planificación ou no desenvolvemento de actividades docentes	Autoinforme	Solicitante

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
			Participación como alumno/a en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e en congresos e xornadas de innovación docente de 10 ou máis horas presenciais/virtuais	VTI Solicitante
		3.2.2. Actividades de formación realizadas polo/a profesor/a	Organización/impartición de cursos relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e en congresos e xornadas de innovación docente cunha duración igual ou superior a 10 horas presenciais/virtuais	VTI solicitante
			Contribucións a congresos e xornadas de innovación docente	Solicitante
			Autoinforme	Solicitante
			3.2.3. Publicacións docentes	Publicacións docentes: libros, manuais, monografías, publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente (autoría, edición e avaliación)³
		Autoinforme		Solicitante

DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	ELEMENTOS	EVIDENCIAS/INDICADORES	Fonte
		3.2.4. Innovacións desenvolvidas	Participación en Proxectos de Aprendizaxe e Servizo (ApS) ³	VTI
			Participación en Grupos e/ou Proxectos de Innovación Docente	VTI Solicitante
			Premios e/ou recoñecementos de innovación docente ³	Solicitante
			Participación na elaboración de MOOC ³	VTI
			Participación en actividades relacionadas co Bacharelato STEAM ³	Solicitante
			Autoinforme	Solicitante
		3.2.5. Mobilidade docente	Estadías de mobilidade docente en institucións de educación superior nacionais e estranxeiras ³	Solicitante
			Estadías de formación en institucións de educación superior nacionais e estranxeiras ³	Solicitante
			Autoinforme	Solicitante

- (1) A puntuación obtida pondérase en “peso indicadores” na dimensión Planificación da docencia
- (2) A puntuación obtida pondérase en “peso indicadores” na dimensión Desenvolvemento do ensino
- (3) A puntuación obtida pondérase en “peso indicadores” na dimensión Resultados

Anexo II

Solicitud do/a profesor/a

**ANEXO II. Solicitud do/a profesor/a**

Apelidos:

Nome:

NIF:

Categoría/corpo:

Dedicación:

Correo electrónico:

Departamento

Área de coñecemento:

Rama pola que quere ser avaliado/a

Centro onde tivo asignada **a maior parte da súa docencia** durante o período en que solicita ser avaliado/a:

Se desexa que o decanato ou dirección **doutro/s centro/s da UDC en que impartiu docencia** durante o período en que solicita ser avaliado/a lle cubra o informe de autoridades académicas, indique o nome dese/s centro/s e o motivo:

Se nalgún dos cursos académicos para os que solicita avaliación **non impartiu docencia na UDC**, indique se o fixo noutras universidades ou nos centros adscritos da UDC.

SI NON

En caso afirmativo, achegue os certificados xunto con esta solicitude.

SOLICITA

Que se avalíe a súa actividade docente, segundo os criterios e procedementos establecidos na edición vixente do "Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC", durante o período sinalado.

Cursos académicos para os que solicita avaliación:

O/a profesor/a solicitante autoriza a UDC para utilizar os datos dos indicadores a que fai referencia o Programa Docentia.

..... de de

(Sinatura)

REITOR/A DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**CUESTIONARIO PREVIO INFORMATIVO SOBRE AS EVIDENCIAS DO PERÍODO QUE SE AVALIA**

Co fin de reunir algunhas das súas evidencias, solicitámoslle que conteste as seguintes cuestións relativas ao período que se avalía (**contestar correctamente é moi importante posto que diso vai depender que a Universidade lle solicite ou non ao centro/departamento ou servizo as evidencias correspondentes**)

1. Indique en que órgano colexiado da UDC participou, de ser o caso:

Claustro Consello de Goberno

Comisións delegadas de ambos os órganos de goberno en que se aborden temáticas relacionadas coa **innovación e a organización da docencia**. Indique o nome da/s comisión/s:

.....

2. Indique en que órgano colexiado do centro ou do departamento participou, de ser o caso:

Xunta de Centro

Indique o nome do/s centro/s (escolas/facultades):.....

Comisións delegadas da Xunta de Centro en que se aborden temáticas relacionadas coa **innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade**.

Indique o nome da/s comisión/s:

.....

Consello de Departamento

Comisións delegadas do Consello de Departamento en que se aborden temáticas relacionadas coa **innovación e a organización da docencia**. Indique o nome da/s comisión/s:

.....

Comisións Académicas de grao ou de mestrado universitario

Indique o nome do/s título/s de grao e/ou de mestrado universitario:

.....

Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC)

Comité de Dirección da EIDUDC

Comisión Permanente do Comité de Dirección da EIDUDC

Comisión Académica do/s Programa/s de Doutoramento. Indique o nome do/s Programa/s:

.....

Anexo III

Autoinforme do/a profesor/a



ANEXO III. Autoinforme do/a profesor/a

(A extensión do autoinforme non pode superar as 18 páxinas, sen incluír a portada. O incumprimento deste requisito é causa de exclusión)

1. PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA

1.1. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTES

1.2. PLANIFICACIÓN DO ENSINO E DA APRENDIZAXE EN RELACIÓN COAS MATERIAS IMPARTIDAS

EVIDENCIAS de referencia (ANEXO I do Manual):
Docencia recollida no POD da UDC
Docencia non recollida no POD ¹
Participación en tribunais de traballos de fin de grao, fin de mestrado e de teses de doutoramento
Dirección de traballos fin de grao, fin de mestrado
Enquisa DA, ítem 14 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)
Guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia (agás as das materias de TFG/TFM, Prácticum e Prácticas extracurriculares)
Enquisa DA, ítems 1, 5 e 10 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)
Enquisa DA, ítems 2 e 4 (cursos académicos 2022/23 a 2024/25)
Participación en órganos colexiados da UDC e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade
Participación na xunta de centro e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade
Participación no consello de departamento e/ou en comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia
Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria
Participación en actividades de coordinación docente
Participación en programas ou proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas
Actividades desenvolvidas no eido das relacións internacionais (Responsable de RRII do centro; titores/as académicos/as de intercambio; promotor/a de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos; Participación en Intercambio Virtual COIL)
Informe das autoridades académicas
Resultados de aprendizaxe previstos
Valoración dos apartados “Planificación das competencias, tarefas e actividades docentes en función dos créditos asignados e o tempo previsto que debe investir o estudiantado” na guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia
Enquisa DA, ítem 11 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)
Enquisa DA, ítem 3 (cursos académicos 2022/23 a 2024/25)
Valoración dos apartados “Criterios e métodos de avaliación acordos coa metodoloxía utilizada polo/a profesor/a e co planificado” na guía docente do último curso académico en que impartiu cada materia
Enquisa DA, ítems 18 e 19 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22)
Enquisa DA, ítem 9 (cursos académicos 2022/23 a 2024/25)



Procure facer unha **reflexión global**, sinalando os **aspectos máis relevantes** relacionados cos seguintes elementos: encarga docente; organización do ensino; coordinación con outras actuacións docentes; resultados de aprendizaxe previstos; planificación das competencias, tarefas e actividades docentes en función dos créditos asignados e o tempo previsto que debe investir o estudiantado, así como criterios e métodos de avaliación acordados coa metodoloxía empregada por vostede e co planificado.

(Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión respecto de todas as evidencias e os indicadores. Solicitámoslle que a dita reflexión se faga seguindo a orde do cadro anterior)

REFLEXIÓNS
Identifique e comente os aspectos máis salientables ou máis positivos.
Identifique e comente os aspectos mellorables .
Sinale accións concretas que considera que poden ser útiles para a mellora , referíndose especificamente aos aspectos sinalados como mellorables no punto anterior.
Valoración global e outras observacións adicionais.



2. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

2.1. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO E AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

EVIDENCIAS de referencia (ANEXO I do Manual):
Organización e participación en: Actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación ou similar) ² ; Actividades de mentoría no ensino superior (tutorización de prácticas extracurriculares, tutorización de bolseiros/as ou similar) ² e actividades de tutorización para a materia ²
Docencia en inglés e/ou galego (inclúese <i>English Friendly</i>) ²
Informe de autoridades académicas
Enquisa DA, ítems 3, 6 a 9, 15 a 17 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítems 6, 11, 5 e 8 (cursos académicos 2022/23 a 2024/25)
Participación en programas de difusión/divulgación institucionais tales como: programas de difusión das titulacións, programa de recepción de alumnado de ensino medio nos centros, programa de divulgación científica da UDC e programas/actividades relacionados coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade.
Participación no PAT
Informe das autoridades académicas
Materiais deseñados para o último curso académico en que impartiu cada materia
Utilización de Moodle/Campus Virtual/Campus Online ou doutras plataformas virtuais semellantes durante o último curso en que impartiu cada materia
Enquisa DA, ítems 4 e 12 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítem 7 (cursos académicos 2022/23 a 2024/25)

Procure facer unha **reflexión global**, sinalando os **aspectos máis relevantes** relacionados cos seguintes elementos: actividades de ensino e aprendizaxe realizadas polo/a profesor/a; outras actividades realizadas co estudiantado e materiais e recursos empregados para a docencia.

(Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión respecto de todas as evidencias e indicadores. Solicítase que a dita reflexión se faga seguindo a orde do cadro anterior)

REFLEXIÓNS
Identifique e comente os aspectos máis salientables ou máis positivos.
Identifique e comente os aspectos mellorables .
Sinale accións concretas que considera que poden ser útiles para a mellora , referíndose especificamente aos aspectos sinalados como mellorables no punto anterior.
Valoración global e outras observacións adicionais.



3. RESULTADOS

3.1. RESULTADOS EN TERMOS DE OBXECTIVOS FORMATIVOS

3.2. REVISIÓN E MELLORA DA ACTIVIDADE DOCENTE: FORMACIÓN E INNOVACIÓN

EVIDENCIAS de referencia (ANEXO I do Manual):
Número de alumnado matriculado/alumnado matriculado de 1ª matrícula
Taxa de éxito (alumnado aprobado/presentado)
Taxa de rendemento (alumnado aprobado/ matriculado)
Taxa de avaliación (alumnado presentado/matriculado)
Teses de doutoramento dirixidas e que foron defendidas publicamente (non en proceso de elaboración)
Enquisa DA, ítems 20 a 23 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítems 10 e 12 (cursos académicos 2022/23 a 2024/25)
Enquisa DA, ítem 24 (cursos académicos 2020/21 e 2021/22) Enquisa DA, ítem 13 (cursos académicos 2022/23 a 2024/25)
Participación como alumno/a en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e en congresos e xornadas de innovación docente de 10 ou máis horas presenciais/virtuais
Organización/impartición de cursos relacionados coa docencia universitaria (do CUFIE, do Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións) e en congresos e xornadas de innovación docente cunha duración igual ou superior a 10 horas presenciais/virtuais
Contribucións a congresos e xornadas de innovación docente
Publicacións docentes: libros, manuais, monografía, publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente ³
Participación en Proxectos de Aprendizaxe e Servizo (ApS) ³
Participación en grupos e/ou proxectos de Innovación Docente
Premios e/ou recoñecementos de innovación docente ³
Participación na elaboración de MOOC ³
Participación en actividades relacionadas co Bachelato STEAM ³
Estadías de mobilidade docente en institucións de educación superior nacionais e/ou estranxeiras ³
Estadías de formación en institucións de educación superior estranxeiras ³

Procure facer unha **reflexión global**, sinalando os **aspectos máis relevantes** en relación cos seguintes elementos: logros alcanzados polos/as estudantes; resultados obtidos tendo en conta a satisfacción do estudantado e do/a propio/a profesor/a; cambios e modificacións propostos polo/a profesor/a tendo en conta as carencias detectadas na planificación ou no desenvolvemento de actividades docentes; actividades de formación realizadas polo/a profesor/a; publicacións docentes; innovacións desenvolvidas e mobilidade docente.

(Poderase acadar a máxima puntuación sempre que exista reflexión respecto de todas as evidencias e indicadores. Solicítase que a dita reflexión se faga seguindo a orde do cadro anterior)

**REFLEXIÓNS**

Identifique e comente os **aspectos máis salientables** ou máis positivos.

Identifique e comente os **aspectos mellorables**.

Sinale **accións concretas** que considera que poden ser útiles **para a mellora**, referíndose especificamente aos aspectos sinalados como mellorables no punto anterior.

Valoración global e outras **observacións** adicionais.

Anexo IV

Informe das autoridades académicas



ANEXO IV. Informe das autoridades académicas

Apelidos e nome da persoa responsable do centro/departamento:

Nome do centro/departamento

A información dos/as responsables académicos sobre o labor docente que desenvolveu o/a profesor/a durante o período de avaliación solicitado **é imprescindible** para contrastar e complementar a información obtida por outras fontes. Por este motivo, e considerando **as evidencias que obran no seu poder**, solicitámoslle que responda as seguintes cuestións.

É importante que teña en conta que algúns dos apartados unicamente poden ser valorados polo decanato/dirección do centro ou pola dirección do departamento, por tanto, nese caso sinala “NON PROCEDE”.

Apelidos e nome do/a profesor/a:

Centro:

Período de avaliación

Cursos académicos para os que solicita avaliación:

1. ENCARGA DOCENTE

O/a profesor/a puido escoller as materias en que impartiu docencia?

SI

NON

NON PROCEDE

OBSERVACIÓNS (indique os criterios de asignación da encargada docente en caso de responder de forma negativa):

O/a profesor/a puido formar parte en tribunais de:

TRABALLOS FIN DE GRAO (TFG)

SI NON NON PROCEDE

TRABALLOS FIN DE MESTRADO (TFM)

SI NON NON PROCEDE

OBSERVACIÓNS (indique que criterios de asignación se aplicaron):



O/a profesor/a puido dirixir:

TRABALLOS FIN DE GRAO (TFG)	TRABALLOS FIN DE MESTRADO (TFM)
SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> NON PROCEDE <input type="checkbox"/>	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
Se a resposta é afirmativa, indique se ofertou SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	
OBSERVACIÓNS (indique que criterios de asignación se aplicaron):	

2. ASISTENCIA ÁS CLASES E TITORÍAS

Ten evidencia dalgunha ausencia inustificada ás clases, ás titorías ou aos seminarios?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

3. GUÍAS DOCENTES

Ten evidencia de que o/a profesor/a incumpriu co establecido na guía docente das materias (contidos, metodoloxía, criterios de avaliación)?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

Ten evidencia de que o/a profesor/a incumpriu co prazo establecido pola UDC para elaborar a guía docente das materias

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

Ten evidencia de que as guías docentes do/a profesor/a non seguen as directrices e as recomendacións establecidas no centro/universidade

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		



Ten evidencia de que as guías docentes do/a profesor/a non seguen o establecido na memoria vixente do/s título/s

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

4. CUMPRIMENTO DOS PROCEDEMENTOS NORMALIZADOS

Ten evidencia de que o/a profesor/a incumpriu coa realización das probas de avaliación oficiais?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

Ten evidencia de que o/a profesor/a incumpriu coa obriga de publicar e revisar as cualificacións?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

Ten evidencia de que o/a profesor/a incumpriu cos prazos do peche de actas?


SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

Ten evidencia de que o/a profesor/a incumpriu cos horarios de clase e/ou de titorías?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

Ten evidencia de que o/a profesor/a non publicou os horarios de titorías?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	MANUAL PARA A AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC	Código: AvProf Edición: 16 Data: 28/04/2026 Páxina 56 de 69
--	--	--

Ten evidencia de que o/a profesor/a non lle comunicou ao alumnado e ao centro/departamento os cambios sobrevidos nos horarios das actividades docentes e/ou nas titorías?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa, indicando as evidencias):		

5. PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTE

O/a profesor/a participou nas reunións de planificación e coordinación docente?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma negativa):		

6. IMPLICACIÓN EN ACTIVIDADES DOCENTES ORGANIZADAS OU COORDINADAS POLO CENTRO

O/a profesor/a puido participar en programas de difusión/divulgación e/ou en actividades de titorización e apoio ao alumnado (PAT, mobilidade etc.)?

SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	NON PROCEDE <input type="checkbox"/>
OBSERVACIÓNS (indique que criterios de asignación se aplicaron):		

....., de de

O/a decano/a ou director/a do centro

O/a director/a do departamento

VICERREITORÍA DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN

(PRESIDENCIA DA COMISIÓN INTERNA DA UNIVERSIDADE)

Anexo V

Cuestionario de avaliación da docencia polo alumnado (DA)



ANEXO V. Cuestionario de avaliación da docencia polo alumnado (DA)

Cursos académicos (2020/21 e 2021/22)

Enquisa

24

1 - Asistín habitualmente ás clases deste/a profesor/a

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

2 - Se non asistiu ás clases regularmente foi por motivos

De traballo Persoais ou familiares Relacionados co/a profesor/a Relacionados coa metodoloxía utilizada na aula De dificultade da materia De facilidade da materia De incompatibilidade horaria con outra/s materia/s NS/NC

3 - O traballo feito na clase por este/a profesor/a axudoume a comprender a materia

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

4 - O/A profesor/a fomenta o uso de recursos adicionais (bibliográficos ou doutro tipo) aos empregados nas aulas

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

5 - O/A profesor/a explicou a guía docente ou o programa da materia, con obxectivos, contidos, metodoloxía e sistema de avaliación

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

6 - O/A profesor/a resolve con claridade as dúbidas que se formulan na clase

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

7 - Considero que este/a profesor/a me axuda a aprender

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

8 - O/A profesor/a procura saber se os/as alumnos/as entenden o que lles explica

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

9 - O/A profesor/a posibilita que participemos nas clases

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

10 - Considero que as clases están ben organizadas

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

11 - O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

12 - Os recursos bibliográficos dos que dispón o Centro son suficientes para desenvolver o traballo desta materia fóra das aulas

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

13 - Os recursos técnicos (aula net, fotocopiadoras, etc.) dos que dispón o Centro son suficientes para desenvolver o traballo desta materia fóra das aulas

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

14 - O/A profesor/a parece ilusionado/a e interesado/a pola docencia

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

15 - Considero importante asistir a titorías ou consultar persoalmente co/a profesor/a



1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

16 - Realicei titorías ou consultas co/a profesor/a desta materia

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

17 - Estou satisfeito/a coa atención recibida deste/a profesor/a no horario de titorías

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

18 - Nesta materia os/as estudantes temos claro o que se nos vai esixir

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

19 - Os/As estudantes sabemos de antemán cales van ser os criterios para a corrección de exames e traballos

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

20 - Nos exames ou traballos temos a posibilidade de coñecer os erros cometidos e comentar a súa valoración

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

21 - Sentínme avaliado/a correctamente por este/a profesor/a

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

22 - A avaliación axústase aos contidos traballados durante o curso

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

23 - Con esta materia acadai os obxectivos e coñecementos que esperaba

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

24 - Globalmente estou satisfeito co/a profesor/a desta materia

1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

**Cursos académicos (2022/23 a 2024/25)****Enquisa**

13

1 - Asistín habitualmente ás clases deste/a profesor/a

- Si
 Non

2 - A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, criterios e sistemas de avaliación, bibliografía, ...)

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

3 - O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

4 - As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

5 - O/A profesor/a favorece a participación activa en clase

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

6 - O/A profesor/a orienta e resolve con claridade as dúbidas que se formulan na clase, titorías, campus virtual, ...

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

7 - O/A profesor/a fomenta o uso de recursos útiles (bibliográficos ou doutro tipo) adicionais aos empregados nas aulas

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

8 - Estou satisfeito/a coa atención recibida deste/a profesor/a no horario de titorías (contestar só no caso de ter feito titorías)

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

9 - O/a profesor/a cumpre cos criterios de avaliación establecidos na guía docente

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

10 - Nos traballos, exames, actividades, ..., teño a posibilidade de coñecer e comentar a valoración do/a profesor/a de cara a mellorar na miña aprendizaxe

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

11 - Considero que este/a profesor/a me axuda a aprender

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

12 - Con esta materia acadai os obxectivos e coñecementos previstos na guía docente

- 1 2 3 4 5 6 7 NS/NC

13 - Globalmente estou satisfeito co/a profesor/a desta materia

- 1 2 3 4 5 6 7

Anexo VI

**Informe do CAD sobre a
valoración da actividade docente do
profesorado da UDC**



ANEXO VI. Informe do CAD sobre a valoración da actividade docente do profesorado da UDC

Datos de identificación do/a profesor/a

Apelidos:

Nome:

NIF:

Categoría/corpo:

Departamento:

Área de coñecemento:

Centro:

Convocatoria de avaliación

Período de avaliación

Cursos académicos para os que solicita avaliación:

INSTRUCCIÓNS

As actividades docentes do/a profesor/a no período obxecto de avaliación serán valoradas segundo a información que consta na aplicación informática e baseándose no establecido neste Manual e nos criterios de avaliación que figuran na “Guía para avaliar a actividade docente da UDC. Comités de Avaliación Docente (CAD)” que estea vixente en cada convocatoria de avaliación do profesorado.

Teñen que se establecer as accións de mellora (actividades de formación, innovación, cumprimento de obxectivos concretos etc.) que o/a profesor/a debe levar a cabo, salvo que a valoración acadada en cada dimensión sexa de desempeño excelente.

**Valoración por dimensión**

Dimensión	Valoración	Accións de mellora propostas (actividades de formación, innovación cumprimento de obxectivos concretos etc.)
1. Planificación da docencia	Insuficiente <input type="checkbox"/> Aceptable <input type="checkbox"/> Notable <input type="checkbox"/> Excelente <input type="checkbox"/>	
2. Desenvolvemento do ensino	Insuficiente <input type="checkbox"/> Aceptable <input type="checkbox"/> Notable <input type="checkbox"/> Excelente <input type="checkbox"/>	
3. Resultados	Insuficiente <input type="checkbox"/> Aceptable <input type="checkbox"/> Notable <input type="checkbox"/> Excelente <input type="checkbox"/>	

Totais (datos ponderados)

Dimensión	Evidencias/ Indicadores	Autoinforme	Responsables académicos	Estudantes	Total
Planificación da docencia					
Desenvolvemento do ensino					
Resultados					
Total					

Valoración global

Desempeño insuficiente	<input type="checkbox"/>
Desempeño aceptable	<input type="checkbox"/>
Desempeño notable	<input type="checkbox"/>
Desempeño excelente	<input type="checkbox"/>



OBSERVACIÓNS:

....., de de

O/a presidente/a

O/a secretario/a

VICERREITORÍA DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN
(PRESIDENCIA DA COMISIÓN INTERNA DA UNIVERSIDADE)

Anexo VII

Resolución da CIU sobre a

actividade docente do profesorado

da UDC

**ANEXO VII. Resolución da CIU sobre a actividade docente do profesorado da UDC****Datos de identificación do/a profesor/a**

Apelidos:

Nome:

NIF:

Categoría/corpo:

Departamento:

Centro:

Convocatoria de avaliación:

Período de avaliación:

Cursos académicos para os que solicita avaliación

De conformidade cos criterios e o procedemento establecidos na edición vixente do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*, aprobado polo Consello de Goberno da UDC do 28/04/2026, esta comisión resolveu emitir a seguinte valoración da súa actividade docente durante o período sinalado.

No anexo I especificanse as valoracións obtidas en cada unha das dimensións, así como as accións de mellora propostas, de ser o caso.

Desempeño insuficiente Desempeño aceptable Desempeño notable Desempeño excelente

En caso de desconformidade coa resolución poderá presentar unha reclamación, na sede electrónica da UDC, perante a CIU, no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte á data do envío da dita resolución.

No prazo de dous meses, a CIU resolve a reclamación e remítelle unha nova resolución ao/a profesor/a, por correo electrónico, contra a que poderá interpoñer un recurso de alzada perante o/a reitor/a da UDC, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

....., de de

O/a presidente da CIU

O/a secretaria da CIU



ANEXO I

Apelidos e nome do/a profesor/a:

Dimensión	Valoración	Accións de mellora propostas (actividades de formación, innovación, cumprimento de obxectivos concretos etc.)
1. Planificación da docencia	Insuficiente <input type="checkbox"/>	
	Aceptable <input type="checkbox"/>	
	Notable <input type="checkbox"/>	
	Excelente <input type="checkbox"/>	
2. Desenvolvemento do ensino	Insuficiente <input type="checkbox"/>	
	Aceptable <input type="checkbox"/>	
	Notable <input type="checkbox"/>	
	Excelente <input type="checkbox"/>	
3. Resultados	Insuficiente <input type="checkbox"/>	
	Aceptable <input type="checkbox"/>	
	Notable <input type="checkbox"/>	
	Excelente <input type="checkbox"/>	

OBSERVACIÓNS

Totais (datos ponderados)

Dimensión	Evidencias/ Indicadores	Autoinforme	Responsables académicos	Estudantes	Total
Planificación da docencia					
Desenvolvemento do ensino					
Resultados					
Total					

....., de de

O/a presidente da CIU

O/a secretario/a

Anexo VIII

Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU



ANEXO VIII. Informe sobre o seguimento das accións de mellora formuladas pola CIU

ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS	PROFESORADO QUE A/S REALIZA/N	DATAS DE REALIZACIÓN:		CUMPRIMENTO DA ACCIÓN (SI/NON)
		INICIO	FIN DA ACCIÓN	

É preciso xuntarlle a este documento os certificados/xustificantes da realización das accións de mellora que foron presentados polo/a profesor/a

OBSERVACIÓNS:

..... de de

O/a presidente/a da Comisión de Garantía da Calidade

VICERREITORÍA DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN
(PRESIDENCIA DA COMISIÓN INTERNA DA UNIVERSIDADE)